



## CONCELLO DE PONTECESURES

Avda. de Vigo, 2 - 36640 Pontecesures (Pontevedra)

Tfno.: 986 557 125 / Fax: 986 557 554

[www.pontecesures.org](http://www.pontecesures.org) / [concello@pontecesures.org](mailto:concello@pontecesures.org)

# II CONCURSO DE DECORACIÓN NAVIDEÑA DOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E HOSTELEIROS DO CONCELLO DE PONTECESURES NO NADAL 2018.

### Exposición de Motivos.

Con motivo das festividades do Nadal que comezarán no mes de decembro do presente ano e durarán ata o 7 de xaneiro de 2019, quérese incentivar a creatividade dos establecementos comerciais e hostaleiros do Concello de Pontecesures, e que participen e colaboren coa decoración dos seus escaparates, fachadas, entradas ou locais, dando un ambiente máis do Nadal ao municipio e transmitindo un espírito máis festivo aos veciños e visitantes do mesmo. Quérese estender non só aos comercios, senón que participen tamén todo tipo de establecementos empresariais, (comerciantes, hostaleiros, restauración, etc.), podendo participar non só decorando escaparates, senón tamén as fachadas e entradas dos mesmos.

**Primeiro- Ámbito de participación:** O Concurso de Decoración do Nadal de establecementos comerciais e hostaleiros de Pontecesures ten un ámbito xeográfico circunscrito aos límites do Concello de Pontecesures, podendo participar na mesma calquera establecemento empresarial do mesmo, tanto do ámbito comercial, hostaleiro ou da restauración.

**Segundo- Obxecto de participación:** O establecemento participante deberá decorar o seu escaparate, fachada, entrada ou local de forma alegórica ao ambiente propio das Festas do Nadal, valorando ademais os seguintes aspectos:

- Calidade artística, composición e iluminación das instalacións.
- Mantemento dos elementos tradicionais do Nadal nos mesmos.

Permanecendo exposta durante toda a festividade do Nadal, desde o luns 3 de decembro de 2018 ata o luns 8 de xaneiro de 2019.

**Terceiro- Inscrición:** a inscrición no Concurso de Decoración do Nadal de establecementos comerciais e hostaleiros de Pontecesures 2018 é gratuíta, debéndose realizar por escrito e utilizando o modelo que se facilita para o efecto (Anexo I). A data de inscrición dos establecementos será desde a publicación das bases na web do Concello ata o 14 de Decembro de 2018 ambos inclusive, e deberá presentarse nas oficinas centrais do Concello de Pontecesures, en horario de 9 a 14 h ou no correo electrónico [xuventude@pontecesures.org](mailto:xuventude@pontecesures.org)



## CONCELLO DE PONTECESURES

Avda. de Vigo, 2 - 36640 Pontecesures (Pontevedra)

Tfno.: 986 557 125 / Fax: 986 557 554

www.pontecesures.org / concello@pontecesures.org

**Cuarto- Concurso Decoración Do Nadal:** Os escaparates, fachadas, locais ou entradas deberán estar preparados o luns 17 de decembro de 2018, momento a partir do cal poderá realizarse a visita do xurado. A decoración dos escaparates, fachadas ou locais non poderá desmontarse antes do martes 8 de xaneiro 2019, ao obxecto de que poidan contemplarse durante as festas do Nadal. Os establecementos participantes no Concurso de Decoración de Establecementos de Pontecesures 2018, están obrigados a manter a decoración dos establecementos iluminada e nas condicións que permita ao xurado para valoralo no seu conxunto, así como a manter a devandita iluminación, polo menos, ata a súa hora de peche, ata o 8 de xaneiro de 2019.

**Quinto- Publicación dos establecementos participantes:** A relación dos establecementos que participan neste Concurso de Decoración do Nadal, farase pública na páxina web do Concello a partir do día 17 de Decembro de 2018.

**Sexto- Premios:** Establécense 3 premios:

**1º premio...150 €**

**2º premio...100 €**

**3º premio.....50 €**

**Sétimo- Xurado:** O xurado estará composto por membros do equipo de goberno municipal designados polo Alcalde, e por membros de colectivos empresariais, comerciais e/ou profesionais con experiencia en actividades artísticas, decoración, ou calquer outra con relación ó obxecto do concurso. O xurado fallará os premios por maioría simple.

**Oitavo- Fallo do Xurado:** Transcorrido o prazo de visitas por parte dos membros do xurado procederase á valoración e ao fallo por parte do mesmo, publicándose o fallo no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Pontecesures.

**Noveno- Incumprimento das bases de participación:** A inscrición no concurso supón a aceptación das bases que o rexen. O non cumprimento dalgunha das anteriores Bases por parte dos establecementos participantes levará automaticamente a exclusión da mesma.

O Concello de Pontecesures resérvase o dereito de excluír da participación no Concurso de Decoración Do Nadal a aqueles establecementos que non cumpran cos criterios recolleitos nas devanditas bases.

**Décimo- Entrega de premios:** A entrega de premios realizarase na Casa do Concello de Pontecesures o día 11 de xaneiro de 2019.